

DRAMATURXIAS ITINERANTES

*Atalhos, ou sobre o caminho mais comprido
entre dois pontos* de Joana Craveiro
Un intre antes do solpor de Ana Carreira

Consello da Cultura Galega


Santiago de Compostela

Martes, 1 de outubro de 2019 ás 18:30 horas

Dramaturxias Itinerantes
Dramaturgias Itinerantes



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



O Consello da Cultura Galega, o Camões, Centro Cultural Português em Vigo e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia dan continuidade ao programa “Dramaturxias itinerantes/Dramaturgias itinerantes” coa edición de outono, que ten como obxectivo servir de ponte entre as escrituras teatrais galega e portuguesa para fomentar, a través do diálogo escénico, un mellor coñecemento mutuo que poida agromar en futuros traballos colectivos. Na pasada primavera inauguramos en Galicia o ciclo e acollemos, primeiro en Compostela e despois en Vigo, os textos das dramaturgas Patrícia Portela e AveLina Pérez, nas voces do alumnado da ESAD e de parte do Grupo de Teatro Amador do Centro Cultural Português do Camões de Vigo, Eu.Experimento. Ambas autoras están a desenvolver conxuntamente un proxecto que se presentará en Galicia e en Portugal en 2020. Este proxecto xa deu, pois, os seus primeiros froitos.

Nesta ocasión, son Ana Carreira e Joana Craveiro as autoras escollidas para ofrecer os seus textos dramáticos. Un intre antes do solpor (Premio Varela Buxán de Dramaturxia no ano 2014) é a aposta da autora galega para esta cita, na que unha parella de anciáns vive os seus últimos solpores no patio dunha residencia. No seu diálogo emerxe a nostalxia e a dor, pero tamén a busca da beleza, a pesar da inminencia do . nal. Pola súa parte, a creadora portuguesa tráenos Atalhos, ou sobre o camiño mais comprido entre dois pontos, un texto documental sobre un grupo de mozas e mozos que parte nunha viaxe evocativa por entre diversas noticias de xornais e que será presentado polo alumnado de Joana Craveiro na Escola Superior de Artes e Design das Caldas da Rainha, Portugal.

A edición deste outono contará cunha nova entidade parceira, as **Comédias do Minho**, unha rede cultural da Região do Val do Minho que inclúe os cinco municipios portugueses de Melgaço, Monção, Paredes de Coura, Valença e Vila Nova de Cerveira. Trátase dun proxecto cultural adaptado á realidade socioeconómica desa rexión e, por tanto, cun enfoque especial na integración da poboación, a partir da construción de propostas de efectivo valor participativo e simbólico por e para as comunidades. O enfoque central das Comédias do Minho, desde a súa creación en 2003, é o teatro. A integración desta entidade como colaboradora do Programa Dramaturgias Itinerantes supón un interese notable para a relación bilateral entre Portugal e Galicia no relativo á produción e intercambio teatrais. Coma en anteriores encontros literarios -organizados en colaboración co **Instituto Ramon Llull** e co **Instituto Etxepare**-, o Consello da Cultura Galega publica na súa web os textos dramatizados na xornada coa finalidade de seguir a estreitar os vencellos entre a cultura galega e a portuguesa, co teatro como aliado na construción dun espazo común e diverso no que existirmos e dende o que falar coas nosas propias voces.

Outras itinerancias do programa:

◆ MÉRCORES, 2 DE OUTUBRO

16:30 horas

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD)

R/ Poza Cabalo, s/n

36211 Vigo (Pontevedra)

◆ XOVES, 3 DE OUTUBRO

18:00 horas

Cine Teatro João Verde

Largo da Alfândega 1

4950-432 Monção

PROGRAMA

18:30 horas

Presentación

Dolores Vilavedra, coordinadora da Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais do Consello da Cultura Galega
Carla Sofia Amado, responsable do Centro Cultural Português em Vigo. Camões, Instituto da Cooperação e da Língua, I. P.

18:45 horas

Atalhos, ou sobre o caminho mais comprido entre dois pontos (2017)

Joana Craveiro

Intérpretes: Francisco Madureira, Inês Minor, Mafalda Pereira, Tozé Cunha
Dirección: Joana Craveiro
Música: Francisco Madureira
Apoio à produção: Teatro do Vestido
Duración: 20 min
<http://teatrodivestido.org/blog/>

Um texto documental sobre un grupo de jovens que parte numa viagem evocativa por entre diversas noticias de jornais. Entre a sonda Curiosity, que lavra os terrenos de Marte, até a George Stinney, 12 anos, electrocutado na cadeira eléctrica na Carolina do Sul, em 1944, pasando pelas mulheres que, no deserto de Atacama, escavam em busca dos restos mortais dos seus familiares feitos desaparecer pela ditadura de Pinochet. Num não-lugar de mapas imaginários, estas quatro figuras unidas pela vontade comum de encontrar respostas e fugir ao sentírem-se fora de tudo, percorrem a memória de alguns acontecimentos recentes que têm surgido nos jornais ao longo dos últimos meses/anos, para falarem deles próprios e pedirem explicações pelo que não compreendem.

É sobre tomar sempre o caminho mais longo
É sobre ir à volta em vez de ir a direito
É sobre demorar sempre mais tempo a chegar
É sobre as coisas terem um tempo
É sobre viver esse tempo até ao fim
Mesmo que parece que todos nos ultrapassaram.

Un intre antes do solpor (2015)

Ana Carreira

Intérpretes: Alba Caneda, Javier Castiñeira, Carmen Facorro e Cristian Fernández
Dirección: Nuria Montero Gullón, profesora e actriz
Duración: 20 min

Unha parella de anciáns vive os seus últimos solpores no patio dunha residencia. A Muller Vella e o Home Vello senten a nostalxia dun amor afastado, que virou en simbólicos rituais cos que se deixar enganar pola ilusión de desexo. A dor emerxe nos xogos da memoria, na recorrencia da frustración ante a falla de expectativas de futuro ou do non cumprimento das do pasado, nas aparicións do Home Novo evocadas por unha canción que só a Muller Vella pode escoitar.

Fronte á asepsia médica da Muller Nova, o azar decide o lugar no que moverse para transgredir a orde habitual e romper o efecto patético da mágoa, para buscar a beleza a pesar da inminencia do final.

Un anaco de vida como prolepse directa da ausencia total, porque as expectativas son tan curtas que se poden tocar coa man antes de anunciarse, porque a quietude pode co movemento ata facelo imperceptible, porque na débil luz do solpor se percibe un desexo pequeno, unha intimidade pequena, un rastro de pudor que aínda reflicte vida.

19:45 horas

Debate

Modera: Afonso Becerra

Joana Craveiro e Ana Carreira

20:30 horas

Peche do acto

Joana Craveiro é encenadora, actriz, dramaturga. Fundadora e directora artística do Teatro do Vestido (2001-), onde dirigiu e escreveu mais de 30 criações.

Doutorada pela Roehampton University, no departamento de teatro e estudos performativos, com a tese-espectáculo *Um Museu Vivo de Memórias Pequenas e Esquecidas* (prémio do público do Festival de Teatro de Almada 2015/ Nomeado para melhor espectáculo SPA/2015). Mestre em Encenação pela Royal Scottish Academy of Music and Drama; licenciada em Antropologia pela Universidade Nova de Lisboa; formação como actriz pela Escola Superior de Teatro e Cinema (antigo Conservatório Nacional).

Aprofundou os seus processos colaborativos com os Goat Island e os Every House has a Door, na School of the Art Institute of Chicago.

Aprendeu sobre o devising – que já fazia, mas a que não dava esse nome – com Alexander Kelly, dos Third Angel, no Programa Gulbenkian de Criatividade e Criação Artística. Foi também aí que consolidou o seu trabalho autobiográfico. A relação entre os acontecimentos históricos e as suas representações no presente, bem como a recolha de memórias e histórias de vidas, e as cartografias poéticas e afectivas das cidades são algumas das questões a partir das quais tem trabalhado e investigado.

É professora adjunta no departamento de Teatro da Escola Superior de Artes e Design, das Caldas da Rainha (ESAD.CR), e investigadora associada do Instituto de História Contemporânea da Universidade Nova de Lisboa (IHC/NOVA).

Participa regularmente em inúmeras conferências nacionais e internacionais, onde é convidada a falar acerca do seu trabalho sobre teatro e memória.

Foi nomeada por *Elas também estiveram lá*, para o Prémio SPA/ Melhor Texto Português Representado, 2018. Editou em 2019 Margem, texto que escreveu para o espectáculo homónimo de Victor Hugo Pontes (Prémio SPA/

Melhor Coreografia, 2018). *Viajantes Solitários* foi apresentado sob forma de leitura encenada no Festival d' Avignon, em 2018. Em 2019 encenou *Retornos, Exílios e Alguns que Ficaram* com actores franceses no Panta Théâtre, em Caen, inserido em *Écrire et Mettre en Scène: le Théâtre Portugais*.

Ana María Carreira Varela é titulada superior en Arte Dramática na especialidade de Dirección Escénica e Dramaturxia pola ESAD de Galicia, entra en contacto co mundo teatral da man de Achádego Teatro e da Aula de Teatro da USC. Complementa estas experiencias cunha ampla formación tanto no eido da interpretación como na narración oral e a dramaturxia.

Como actriz participou en espectáculos de Ubú Teatro (compañía da que é cofundadora) e EscénaTe. Como narradora oral posúe unha extensa experiencia en moi diversos ámbitos: festivais e ciclos de narración oral, programas de televisión, campañas escolares, itinerarios culturais, campañas de animación á lectura e rutas literarias, como a da novela *A praia dos afogados*, organizada pola Editorial Galaxia. Posúe unha grande experiencia como pedagoga teatral en diversos CEIPS, IES e centros socioculturais. Tamén exerce a docencia sobre narración oral no Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo, dependente do Concello de Vigo.

No ano 2014 recibe o premio Varela Buxán de Dramaturxia, pola súa peza *Un intre antes do solpor*. No 2017 foi finalista do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico pola peza *Veos*. No 2018 foi nominada ao premio María Casares de mellor texto orixinal por *Resaca de Il Maquinario Teatro*.

Traballou tamén con compañías como Vía 6, Limiar Teatro, Il Maquinario Teatro e Galeatro. Na actualidade combina a súa faceta de narradora oral coa de dramaturga e é membro de Ubú Teatro.

ORGANIZA

Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais (CCG)

Consello da Cultura Galega

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Centro Cultural Português do Camões IP em Vigo

COLABORA

Comédias do Minho - Associação para a promoção de actividades culturais no Vale do Minho

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



COLABORA

